

FICHAS PEIXES





FANCECA - *Trisopterus luscus*



A Faneca ((TRISOPTERUS LUSCUS) é un peixe gregario que se alimenta de vermes, crustáceos, luras e peixes de pequeno tamaño. Os xuvenis atopanse en zonas pouco profundas, en baixos rochosos e areosos, mentras que os adultos viven en augas máis profundas, entre os 30 – 100 m.

Reproducción

É unha especie que alcanza a madurez sexual de forma diferenciada segundo sexo, de tal xeito que as femias maduran aos 22 cm de lonxitude (1.7 anos de idade), e os machos aos 23 cm (1.8 anos).

O desove ten lugar entre os meses de decembro e abril.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



época de reprodución



época de desove



época de posta



migracións a zonas costeiras



migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 20 cm de lonxitude



OLLOMOL - *Pagellus bogaraveo*



Coñecido en Galicia cos nomes de ollomol, pancho.

O ollomol é un peixe moi común nas costas europeas, dende a zona tropical do océano Atlántico ata Noruega e tamén no mar Mediterráneo. O corpo é ovalado e o perfil superior da cabeza curvado.

Os ollos son grandes e de cor rosácea, igual ca o dorso. O ventre e os costados son prateados.

Os ollomoles adultos posúen unha mancha negra no inicio da liña lateral, que permite diferenciarlo das especies da mesma familia. Considérase un peixe azul. Vive en profundidades de ata 500 m, en fondos moi variables, formando grandes grupos. É omnívoro, aliméntase de canto atopa, preferindo ovos, larvas e peixes pequenos. É unha especie moi cotizada, da que as maiores capturas se obteñen con palangre e liña.

Tamén se pode pescar con arrastre e ocasionalmente, a certa profundidade, con trasmallo.

Descrición

Ten o corpo de forma ovalada, comprimido lateralmente e recuberto por grandes escamas.

O perfil da parte superior da cabeza é redondeado e posúe un fociño curto. A súa boca é mediana e está armada con dous tipos de dentes: uns incisivos pequenos e agudos, que se sitúan na parte anterior de ambas as dúas mandíbulas, e detrás deles dúas ou tres filas de dentes.


Respecto ás aletas, cómpre salientar a dorsal con 12 ou 13 espiñas, as pectorais longas e algo aguzadas, e a caudal.

O ton xeral do corpo é prateado con algún reflexo dourado ou avermellado, que se volve branco prateado cara ao ventre e rosado cara á parte superior do corpo. Presenta ademais unha mancha negra redondeada ao principio da liña lateral, que non aparece ata que alcanza un tamaño duns 10 cm.

s súas aletas son alaranxadas ou avermelladas, igual que a súa boca.



PANCHO - *Pagellus acarne*



O Pancho (*Pagellus acarne*), a pesar de ser unha especie omnívora prefire artópodos, vermes, moluscos, equinodermos e crustáceos de pequena talla. A dietados machos é diferente á das femias e é máis variada nos adultos que nos xuvenis.

Reproducción

É unha especie hermafrodita protándica que alcanza a madurez sexual de xeito deiferente segundo sexo, así as femias alcanzan a madurez aos 19 cm de lonxitude (4 anos de idade) e os machos aos 16 cm (2 anos). A época de reprodución vai dende outubro a marzo, con un pico de actividade de desove en decembro-xaneiro. As ovas ou larvas desta cespecie son peláxicos.

Os individuos adultos habitan, especialmente, en fondos con macroalgas e área de profundidades entre 40 e 100 m, mentras que os xuvenis atopanse máis preto da costa.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec

■ época de reprodución ■ época de desove ■ época de posta
■ migracións a zonas costeiras ■ migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 25 cm de lonxitude



PESCADA OU PESCADILLA - *Merluccius merluccius*



A Pescada ou pescadilla (*Merluccius merluccius*) é unha especie que habita dende augas costeiras ata grandes profundidades, que vive preto do fondo durante o día.

Os adultos alimentanse de peixes como pequenas pescadillas, anchoas e sardiñas, ademáis de luras, mentras que os xuvenis alimentanse de crustáceos.

Reproducción

A poboación do Atlántico alcanza a madurez sexual o sétimo ano (57 cm de lonxitude) no caso da maioría das femias, e o quinto ano (40 cm de lonxitude) os machos. O período de desove vai dende os meses de febrero a maio. Despois dos tres anos de idade, os xuvenis habitan en fondos lamacentos, movendose ata a costa coa idade.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec




- época de reprodución
- época de desove
- época de posta
- migracións a zonas costeiras
- migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 27 cm de lonxitude



RAIAS - *Raja spp*



As raias (*Raja spp*) son elasmobranquios de fondos brandos e augas superficiais ata os 100 m de profundidade. Son especies de hábitos nocturnos que se alimentan de crustáceos e pequenos peixes.

Reproducción

A talla de madurez sexual depende da especie, así a *Raja Clavata* chega a madurez sexual de xeito diferenciado segundo sexo, as femias maduran aos 95 cm de lonxitude e os machos aos 80 cm de lonxitude; as femias de *Raja montagui* chegan á madurez sexual aos 65 cm de lonxitude e os machos aos 60 cm de lonxitude; as femias de *Raja ocellata* maduran aos 75 cm de lonxitude e os machos aos 73 cm de lonxitude; e a *Raja naevus* chega á madurez sexual aos 59 – 60 cm de lonxitude.

O ciclo ovárico iniciase en decembro, e a actividade de copulación comeza en febrero chegando ao seu máximo en maio e xuño. A posta de ovos iniciase en febrero, alcanzando unha taxa máxima en xuño e en setembro cesa.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec




■ época de reprodución ■ época de desove ■ época de posta
■ migracións a zonas costeiras ■ migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 40 cm de lonxitude



RODABALLO - *Scophthalmus maximus*



O Rodaballo (*Scophthalmus maximus*) é un peixe plano demersal que soe haitar en fodos areosos e fangoso de 20 a 100 m de profundidade. É unha especie carnívora, extremadamente voraz, que se alimenta de crustáceos, bivalvos de outros peixes pequenos.

Reproducción

Esta especie costea para desovar entre maio e agosto e no outono volve a migrar ata augas máis profundas, chegando a súa madurez sexual de xeito diferenciado segundo sexo, así os machos chegan á talla de madurez con 30 cm de lonxitude (2 anos) e as femias con 46 cm (3 anos). A época de posta vai dende o mes de abril ata agosto.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



Época de reprodución Época de desove Época de posta
Migracións a zonas costeiras Migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 30 cm de lonxitude



XULIANA - *Lophius piscatorius*



A Xuliana (*Lophius piscatorius*) é unha especie bentónica de augas costeiras de grandes profundidades (500 m) e fondos brandos, que se alimenta principalmente de peixes.

Reproducción

A femias alcanzan a madurez sexual aos 93.9 cm de lonxitude, mentras que os machos aos 50.3 cm de lonxitude. A reprodución ten lugar a finais da primavera e a comezos do verán, e desova nos meses de febreiro a xullo.

Cronograma


Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



 época de reprodución  época de desove  época de posta
 migracións a zonas costeiras  migracións a zonas profundas



XURELO - *Trachurus trachurus*



O Xurelo (*Trachurus trachurus*) é unha especie bentopeláxica, as veces, peláxica, que forma cardúmenes con xubenis de arenque e outras especies de *Trachurus* sp. Alimentanse preferentemente de copépodos e camaróns, pero tamén de luras e peixes de pequeno tamaño.

Reproducción

Esta especie alcanza a madurez sexual aos 16-25 cm de lonxitude, con maior frecuencia ao redor dos 21 cm, aínda que os machos maduran a unha lonxitude lixeiramente menor que as femias, durante o segundo ou cuarto ano de crecemento. Os adultos costeas;n para desovar durante o verán. As larvas son peláxicas e adquiren aparencia adulta rapidamente. Os xubenis soen buscar a protección de barcos ou incluso os tentáculos de medusas, das cales aproveitan ademáis os restos das súas presas.

Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



■ época de reprodución ■ época de desove ■ época de posta
■ migracións a zonas costeiras ■ migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 15 cm de lonxitude



SAN MARTIÑO ou SAN PEDRO - *Zeus faber*



O San Martiño ou Pez de San Pedro (*Zeus faber*) é unha especie solitaria frecuente en augas costeiras, que se alimenta dunha grande variedade de peixes, cefalópodos e crustáceos.


Reproducción


Esta especie chega a súa madurez sexual de xeito diferenciado segundo sexo, así as femias son maduras aos 34,5 cm e os machos aos 26 cm de lonxitude. A súa reprodución vai entre o final do inverno e o inicio da primavera. É un peixe que tarda en repoducirse, polo que se téñ que ser moi esixente con repeto as tallas mínimas.

Cronograma


Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec




 época de reprodución

 época de desove

 época de posta

 migracións a zonas costeiras

 migracións a zonas profundas

Talla mínima comercial: 25 cm de lonxitude



XARDA - *Scomber scomber*



É unha especie de augas costeiras, frías ou temperadas.
Os xuvenis alimentanse de zooplacton (larvas de peixes, pequenos crustáceos...)
mentras que os adultos se alimentan de necton.

Reproducción

É unha especie que acada a súa madurez sexual aos 30 cm de lonxitude, con 2 ou 3 anos de idade.
As femias presentan un maior crecemento que os machos. O desove prodúcese entre maio e xuño.

Esta especie epipeláxica e mesodemersal, é máis abundante en augas costeiras,
frías ou temperadas, e hiberna en augas máis profundas migrando a zonas costeiras na primavera.

Cronograma



Talla mínima comercial: 20 cm de lonxitude

FICHAS MARISCOS

